

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A REDE PÚBLICA AUTONÓMICA DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO INSTALADO NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA EN GALICIA DENTRO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS 2024

A secretaria xeral de Medios, Silvia Valdés Díaz de Freijo, **DECLARA:**

- Que a Secretaría Xeral de Medios formalizou con Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., o instrumento convencional arriba referido de vixencia que abrangue, como máximo, desde o 01.02.2024 ata o 15.12.2024.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e Retegal para a realización das actuacións precisas para mellorar e actualizar a rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública en Galicia dentro do Programa de Investimentos 2024.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Durante o ano 2024 é necesaria a realización dunha serie de actuacións encamiñadas á actualización e mellora da rede pública autonómica de comunicación audiovisual en Galicia, co fin de manter o funcionamento do servizo.

Neste senso, Retegal conta cos medios técnicos máis especializados na materia obxecto dos contratos que se puidesen derivar deste acordo.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela (*asinado dixitalmente*)

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
Edificio administrativo de San Caetano, s/n Edificio número 7 15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 848
secretaria.medios@xunta.gal

